

REXURDIMENTO

2.^a ÉPOCA

ORGÃO DA
I. N. G.

1923

A AUTONOMÍA DE GALICIA

GALICIA ten problemas de seu que o Estado de Madrid nin foi nin será endexamais capaz de resolver; problemas que somentes teñen que ver con nós e que soilo nós somos chamados a por mau n-iles,

Galicia ten intreses que defender e estes intreses son decote pospostos pol-o estado de Madrid ós intreses de outras rexións españolas, así por eixemplo a proteución ós trigos de Castilla fai que nas vilas galegas se merque o pan caro, a proteución ós xéneros catalás fai que as roupas se nos esgacen a pouco de estrealas, y en toda Galicia hay que mercar á forza ferros vascos ou carbós asturianos que como non teñen competencia véndense do xeito que queren os seus vendedores.

Os galegos teñen dereito a gobernaren a súa casa sin a axuda costosa de ningún; a darense a si mesmos as leis que millor lles conveñan pra viviren os seus outros; a defenderen os seus intreses contra quen intente dañalos; a resolveren asegún as suas luces os problemas privados da súa terra.

Pra isto compre que Galicia sexa autónoma. Galicia precisa a autonomía que quer decir o seguinte:

A delegación pol-o goberno central n-un goberno galego de todos aqueles servicios que non teñan relación co-a defensa nacional nin co-as relacións exteriores.

A redacción de un-acordo tributario no que dispois de un estudo do que hoxe paga Galicia, que é casi o mais que pode pagar, e de examinar o que n-ela se gasta, se fixara a cantidá c-oa que en forma de concerto debía

contribuir pra sostenimento dos servicios que quedaran a cargo do poder central.

A autonomía de Galicia supón a supresión das Diputacións provinciais que serían substituídas por unha especie de Cortes gallegas; nas que terían representación todol-os gallegos, as mulleres inclusive, terían voto, e ademais as corporacións, os gremios, entidades agrarias, obreiras e de todas as profesións e oficios.

A autonomía da Galicia supón a supresión dos auntamentos, nos núcleos de poboación menores de 3.000 habitantes, que serían substituídos por concellos parroquiaes compostos por todol-os veciños, c'unha xunta encargada da súa dirección composta por dous maiores, dous menores e dous pequenos contribuintes, o crego, o médico, onde o houbera, e o escolante como segredario.

Xa isto representa un gran aforro, tendo en conta que un autamento rural paga antre segredario, oficiás, depositario e alguaciles 10.000 pesetas pol-o pouco, e ademais impediría as filtracións do diñeiro en

Contigo falamos, rapaciño

Na tua vila, percisa a «Irmandade Nazionalista Galega» ter representantes. Un, dous bós, valen mais que moitos cativos.

Non podes faguer nada mais patriótico que vires a nós.

Os millores artistas, os meirandes pensadores galegos e literatos están connosco.

A calquera vila que vaías, onde haya un feixe de nazionalistas—d'ista mocidade seleita que leca a estrela na frente—acollerante todos e o agarimo de irmán, pol-o feito de ti seres dos nosos. E ti poderás decidir na tua vila que ostentas un valor que n'ela non ten ningún: O de pertenceres á única verdadeira aristocracia intelectual e espiritoal da Terra; o de seres un, c'os milloros da Galiza, c'os que han de pasar á Hestoria coma apóstoles da liberdade d'un pobo que, andando o tempo, e gracias ó noso esforzo, ergueráse a outura dos primeiros da Europa.

Pol-o amor á Patria Galega, varizada, aldravada, calonada e convertida en gloria dos es-organizados, algaralares e cativos, non perdas un só minuto sin te dirixires ao Consello. Supremo da I. N. G. pregándolle te permitira en nosos.

mau de cace. Galicia supón ademais as catro quintas partes dos empregados de todas as clás, que constituyen un dos mais grandes despilfarros do Estado centralista, e o emprego do diñeiro aforrado en camiños, escolas, fontes, etc.

Pol-o derradeiro, a autonomía de Galicia supón ainda a xusticia breve e gratuita.

Todo isto podedes ter si queredes, si sabe-des impor a vosa vontade.